

Sabino Torres Ferrer e a súa paixón polas coleccións: *Benito Soto e Hipocampo Amigo*

Carmen MEJÍA RUIZ

Universidad Complutense de Madrid
Centro de Estudos Galegos

cmejiaru@ucm.es

Este ano, 2014, na Casa de Galicia de Madrid fixéronlle unha homenaxe a Sabino Torres Ferrer. Organizou o acto, entre outros, Manuel Pereira Valcárcel, poeta e membro do Grupo Bilbao. A maioría dos membros deste Grupo Poético participaron neste evento lendo poemas propios ou alleos. Eu, que recibín a noticia do evento moi tarde, non tiven a oportunidade de estar fisicamente alí, pero si envíei para a súa lectura o poema de Verónica Martínez titulado *Madrid* como homenaxe a Sabino, persoa moi entrañable a quen lle teño moito cariño e a quen Galicia debe ter en conta pola súa tarefa de editor e difusor da súa poesía.

O ano pasado, 2013, estiven con Sabino na súa casa de Madrid; presentoume a súa filla e ensinoume as coleccións *Benito Soto e Hipocampo Amigo*. Antes, no xantar, estiveramos falando delas, e hoxe quero, de novo, traer a historia de Sabino Torres, como editor e amante da poesía. Estas liñas son a miña homenaxe persoal a Sabino Torres.

De todos é coñecido que a guerra civil tivo moitas consecuencias, entre elas o silencio da letra impresa. Foi o caso de Pontevedra, unha cidade que antes da guerra tiña tres diarios e máis dun semanario (*Madrygal* 3, 2000: 105), pero que nos anos corenta xa non quedaba ningún. Desta maneira nace en 1945 un semanario denominado *Ciudad*. Sinala Sabino Torres: “Meu pai, entendía que a cidade tiña que ter un periódico diario e ó editar un semanario, abría un bo camino para conseguir esta meta” (id. 2000:

105). *Ciudad* estivo dirixido polo prestixioso xornalista Emilio Canda, pero cedo marchou para Madrid coa coñecida revista *Finisterre*. É nese momento cando Sabino Torres ocupa a dirección de *Ciudad* e despois convence a Celso Emilio Ferreiro para estar á fronte da súa redacción, na que participan Cuña Novás, Negreira, Peláez e Virxilio Novoa Gil. Pero, co paso do tempo, o pai de Sabino Torres non podía soste-lo economicamente o semanario e *Ciudad* desapareceu. A pesar de todo os amigos seguían coas reunións na vella redacción e un día Sabino expón unha idea que matina-ba desde había tempo:


Vou editar libros de versos. Os nosos libros, os libros dos nosos amigos. Faremos una colección de libros, sen permisos oficiais, sen dar conta á censura, senón ó noso corazón... como corresponde á verdadeira maneira de entender a poesía: ceibe. Será una colección pirata.

Entón –interview Álvarez Negreira– se é pirata, ¿por que non lle chamamos «Benito Soto»? (id. 2000: 105)

Para os lectores de hoxe convén precisar quen foi ese personaxe apaixonante, Benito Soto, o pirata da Moureira. Ferreiro, nunha folla de propaganda, describíao así: “de alma delicada, barba loura, ollos azuis, corazón duro e empaque distinguido” (id. 2000: 105). Desta maneira saíu do prelo a colección *Benito Soto* co poemario de Emilio Álvarez Negreira, *Madrigal*, e co de Sabino Torres, *Como el río*, na primavera de 1949: “Era un milagre que xurdía da nosa necesidade

de comunicarnos. (...) E así comezou a fermosa singradura que durou ata a primavera de 1952” (id. 2000: 106). A colección *Benito Soto* tivo unha grande recepción porque neses momentos apenas existían en Galicia coleccións con continuidade e, o que era máis importante, a edición de libros en galego, daquela case inexistentes. Tras os dous poemarios citados publicáronse os libros dos irmáns Álvarez Blázquez, *Poemas de ti e de min*, e *Dona de corpo delgado*, de Álvaro Cunqueiro. Sabemos por Sabino Torres que

Cunqueiro quería apoiar economicamente a edición dos libros desta colección (id. 2000: 107). Pero nos anos cincuenta do pasado século a censura existía e os editores de *Benito Soto* non calcularon que traducir versos do alemán ao galego era moi arriscado. Celso Emilio Ferreiro recreaba a tradución feita por Antonio Blanco Feixeiro, e o libro *Musa Alemá* con ilustracións de Rafael Alonso foi presentado formalmente para a súa autorización, xa que a Colección *Benito Soto* continuaba na ilegalidade.



Sabino Torres na tertulia do Café Comercial de Madrid

O editor Sabino Torres recorreu Galicia para atopar os libros que se publicaron e xunto aos seus amigos conseguiron sacar adiante catorce poemarios descritos por Sabino Torres no número 3 de *Madrygal*, máis *Musá Alemá* (1951), a súa derradeira achega. Non conseguiron a autorización, senón que a edición foi perseguida e retirada das librerías e o seu editor tivo que enfrontarse a unha sanción alta ou ir á cadea. Despois de varias xestións, Sabino Torres conseguiu que a multa quedase anulada, pero a edición co paso do tempo “foi quemada” (*Madrygal* 3, 2000: 109). Un soño feito realidade pero silenciado co paso do tempo.

Sabino Torres saíu da terra e instalouse en Madrid onde aínda vive hoxe, pero nos veráns

ao volver cos amigos matinaba e botaba de menos a poesía, e na primavera de 1992 anunciou a Cuña e a Negreira un novo proxecto: A colección *Hipocampo Amigo*.

Os amigos cumpren co seu compromiso e Sabino Torres pónse mans á obra en Madrid. Rafael Alonso ilustra os poemarios *La pasión en el tiempo* de Manuel Cuña Novás e *Sonetos de quicio volante* de Emilio Álvarez Negreira; cando Sabino chega a Galicia cos exemplares de Cuña, este non tivo a oportunidade de velos impresos. Pero Sabino Torres seguiu co proxecto e a colección *Hipocampo Amigo* conta con títulos relevantes; citamos só os máis recentes: Xesús Alonso Montero (ed.) (2004): *23 poetas galegos cantan a don Antonio Machado*; Antonio

Tovar (2004): *El tren y las cosas*; Xaquín Chaves (2006): *Poemario dun sonho aberto*; Borobó (2005): *Vida breve de Andrés Muruais*; X. C. Gómez Alfaro (2005): *Confiteor*; Elvira Riveiro Tobío (2005): *Arxilosa*; Gregorio San Juan (2006): *Trece poemas galegos e outras páxinas*; Anónimo de Ribadavia (2006): *Romances do dezaseis de febreiro de 1936*; AA.VV. (2007): *Enrique Lister na voz e na admiración dos poetas*; Xesús Rábade Paredes (2008): *Lugar do canto/ Lugar del canto*; Cándido Duro Domínguez (2008): *Só palabras como garbullos*; Alexandre Vórtice (2008): *Material de*

soños; Antonio Machado (2009): *Elogio de la causa republicana y defensa de la II República Española* (edición e prólogo de Minerva Loureiro Alemparte).

Temos que rematar esta homenaxe a Sabino Torres destacando a ilusión por levar adiante proxectos cheos de soños que reflicten o seu amor á palabra escrita, fundamentalmente, á palabra poética. Penso que as Coleccións *Benito Soto* e *Hipocampo Amigo* merecen un estudo detido e comparativo; quizais, algún dos meus estudantes poida levalo a cabo. ¡Faremos o camiño contigo, Sabino!